

ENTRE O ABALO E A ZARANDA

Dicionario léxico do mar

Paco Rivas



LIMIAR

Xaria de voces da Mariña

Primeira edición, febreiro 2016

© do autor: Paco Rivas

Maquetación: Rosa Escalante Castro | Ramón Pais Martínez

© da edición

Edicións do Cumio, S. A.
Pol. ind. A Reigosa, parcela 19
36827 Ponte Caldelas, Pontevedra
Tel.: 986 761 045
cumio@cumio.gal|www.cumio.gal

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra soamente pode ser realizada coa autorización dos titulares, salvo excepción prevista pola lei.

Diríxanse a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisan fotocopiar, escanear ou facer copias dixitais dalgún fragmento desta obra.

ISBN: 978-84-8289-512-3
Depósito legal: VG 79-2016

Impreso en Galicia

Paco Rivas, mariñao de Cervo, leva un bo quiñón de anos recollendo de xeito espontáneo a fraseoloxía e o vocabulario dos homes e mulleres do mar de Nois, freguesía de Foz onde vive desde pícaro, e da xente do mar doutras parroquias dese concello e doutros veciños, que veu publicando desde o 1993. No 2005 editou o *Diccionario Fraseolóxico do mar. Así falan os mariñaos*, no que tamén recollía algunhas locucións e expresións de orixe labrega ou sen relación directa co mar nin coa terra, aínda que os exemplos case sempre se referían a unha situación do mundo mariñeiro. O ramo deste *Diccionario* era un vocabulario das entradas fraseolóxicas.

En agosto do 2015 publicou *De punta a chicote. Así falan os mariñaos (locucións, ditos, refráns e outras combinacións frecuentes)* no que reelaborou e ampliou considerablemente esas expresións da xente do mar de Foz e da Mariña lucense. Trátase basicamente dun diccionario de fraseoloxía, termo que cómpre entender nun sentido moi amplo da palabra, como xa indiquei no limiar da obra, por conter locucións inequívocas, como *de punta a chicote* coa que se expresa a totalidade referida a cousas do mar ou da terra, que no caso do mar máis ben fai referencia “ás redes cando rompen; a

unha desfeita, a un roto moi grande que se fai no aparello”; pero tamén contén entradas con expresións que poderían considerarse colocacións, que moitos lingüistas inclúen na fraseoloxía.

En xeral, a colocación é a combinación frecuente de palabras ou unha expresión fraseolóxica, como *largar ó aparato* en referencia á acción de tirar as redes ó mar, guiados polos sinais que dan a sonda ou o sonar cando se detecta peixe no *aparato*, mostra clara de que as novas tecnoloxías fan mudar os ditos do mar, pois “este dito, que xa está fixado, nace cando se introducen a bordo das embarcacións de pesca o sonar e outros aparellos que, mirando para eles, non fan necesario observar o mar desde a embarcación”. Esta moderna expresión substitúe a tradicional *largar en ardor* (ou *largar en ardora*), onde o substantivo designaba a luminosidade ou “brasa” que fan as augas en noites escuras ó moverse o peixe que anda en xaria, como ocorre co bonito, coa sardiña, co bocarte, co xurelo ou co sargo; e ese *ardor* permite a localización do peixe para poder pescalo.

1. Léxico mariñeiro común

De punta a chicote ten como complemento *Entre o abalo e a zaranda. Léxico do mar*, que contén o vocabulario das entradas dese dicionario de fraseoloxía coas diversas acepcións, xunto con voces que aparecen nas definicións e outros termos propios do galego mariñeiro.

Na obra hai entradas de considerable extensión moi ben elaboradas, con frases e abundantes colocacións relacionadas coa entrada, ben clasificadas e definidas, como pode apreciarse nos verbetes *aparello*, *arrear*, *barco*, *caer*, *largar*, *mar*, *marea*, *navegar*, *pescar* e *remar*. A maioría das entradas teñen a extensión normal de calquer dicionario, cunha ou máis acepcións definidas de modo sinxelo e breve, como se ve en *abalo*, que designa a “acción ou efecto de abalar. Subida da marea”, e tamén o “cuarto crecente da lúa”, e en *zaranda*, “arco con rede sen mango enganchado nunha corda para subir peixe a bordo”.

En bastantes voces a definición ten como complemento moi diversa información etnográfica, como se pode apreciar nalgúns nomes de peixes (*dentón*, *escacho*, *faneca*, *pancho* e *vra-neante* ou *roncudo*), onde á parte da descrición detallada do peixe e do nome científico se indican as artes coas que se pesca ou outro tipo de información; e tamén hai notas etnográficas en invertebrados (o molusco *chícaro* —voz exclusiva de Foz—, o equinodermo *grade*), en formas como *tina* (rudimentaria arte de pesca) ou *toa* (“Turno, vez que había que gardar para poder amarrar unha embarcación no peirao”), que debe ser forma propia da Mariña.

Nas entradas relativas ó bonito hai moita información da cultura marítima relativa á pesca dese peixe, sexa no barco (*boniteiro*, coa descrición de todas as liñas con que se pesca) ou nos verbetes moi diversos relacionados coa pesca dese peixe (*neverista*, *parada*, *pardela*, *popero*, *pubela*, *raposo*, *recodo*, *varero* etc.), algúns descoñecidos fóra da Mariña. Nalgún caso tamén hai información referida a algún porto do litoral atlántico, como na entrada *pana* (parte do barco onde se coloca o aparello e se prepara para largalo de novo), onde se indica que, segundo os mariñeiros de Foz, “practicamente todas as tarrafas largan os aparellos pola banda de babor a non ser as de Malpica que o fan por estribor”.

En *De punta a chicote* hai entradas que son voces de uso común no litoral galego. É o caso de partes do barco, como *proa* e *popa* para a parte dianteira e traseira dunha embarcación, ou *quilla*, a peza de madeira ou de ferro que vai de proa a popa, da roda ó codaste, por debaixo do barco, “á que se fixa toda a estrutura por medio das cadernas e varengas que saen dela como costelas. Podería dicirse que é a columna vertebral da embarcación”. Tamén son xerais termos para cabos como *estrobo*, anaco de cabo unido polos seus chicotes co que se suxeita o remo ó tolete, ou *orinque*, co que se amarra unha boia a un *risón* (así o recolle Rivas, xunto con *rizón*) para indicar a posición deste.

Termos de uso común na Mariña e na costa galega refírense a nomes de peixes, coma o *sargo* ou *sardiña* (e ó *saín*, a graxa que

solta o peixe ó prensalo, e tamén a “graxa da sardiña que solta cando se asa nas brasas”), a artes de pesca como a *nasa* ou de marisqueo como a *figa* das navallas, que na Mariña tamén designa unha “especie de francado, arpón, de tres, cinco ou máis dentes, empregado na pesca das sollas ou outros peixes”.

Hai voces que xa non se usan como *raba* (“Ovas de bacallau machacadas e mesturadas con farelo para que tarden un pouco en afondar e así xuntar o peixe na posta para despois pescalo”) ou *escandallo* (“Chombada en forma de prisma que leva no vértice un cordel que permite chegar ata o fondo do mar e así medir a profundidade”), aínda que *escandallo* hai quen o usa con acepción figurada en galego literario. O termo *enviada*, hoxe en desuso, era a “lancha pequena que acompañaba a unha máis grande para axudar na pesca, normalmente da sardiña ou do chicharro. Esta lancha cargábase con peixe doutra máis grande que se mantiña vivo, aviveirado, mentres a outra seguía a pescar”. En Cambados había a *lancha de enviada* coa que se ía buscar o peixe que pescaban barcos que permanecían días nas postas de Sálvora, na boca da ría da Arousa.

O tempo que vai entre a posta do sol e a noite, as derradeiras luces do día, no que moitos barcos dan o primeiro lance, coñécese como *axexo* no litoral galego, como na costa asturiana entre o Sella e o Eo (e no litoral portugués do Miño ó Douro, onde se di *aseijo* e *asejo*), mentres que a luz sonrosada que precede a saída do sol ten diversas denominacións. Na Mariña é *alba*, en portos do mar da Arousa é *lusada* e noutros é *albor*, *alborada*, *amanexo*, *día claro*, *día alto*... Recolle Paco Rivas os sintagmas *alba clara*, para indicar que “xa hai tempo que amenceu, polo tanto, pasou o tempo de largar” e *alba ruba* (ou *rubia*) para designar a cor vermella das nubes “ó saír o sol polo leste e ó se poñer polo oeste”.

Ás veces a entrada da Mariña ten unha pequena diferenza verbo do galego mariñeiro común; é o caso de *suesta* (“Gorro mariñeiro que forma parte da roupa de augas ou traxe de augas”), que se diferencia do *sueste* vento, cando o normal na

beiramar é que este termo designe os dous conceptos. Os cabiños aliñados que permiten acurtar o pano da vela cando vai moito vento son *risos*, que nuns portos galegos é *risés* (sg. *ris*), e noutros *rizo(s)* e *riso(s)*, posiblemente por castellanismo. No dicionario na rede da Real Academia Galega a entrada desta forma é *ris*, xa non é *rizo*.

Algúns termos da Mariña refírense a obxectos moi diferentes doutras zonas do litoral, caso do *chinchorro*, que designa a “embarcación auxiliar de pequeno tamaño propulsada por remos, que pode ser transportada nunha embarcación maior. Bote que levaban as tarrafas para largar as redes con el”. Na ría da Arousa o *chinchorro* é un aparello de arrastre que se larga en contra da marea para que infle o copo, co que se traballa desde un barco a motor (e tamén desde terra) e co que se toman peixes do fondo (chopo, lura, xurelo, burás, bolo etc.), mentres que o chinchorro mariñao é a *chalana* arousá, barco auxiliar.

O *bocho* que recolle Paco Rivas designa a “cabeza do polbo” (variante *bucho*) ou ben a “parte dos intestinos do bonito”, e ten que ver co galego *buche* (estómago), mentres que en portos das Rías Baixas, da Costa da Morte e do Ortegal o *bocho* é a alga *Fucus serratus*, moi apreciada para estercar os campos e que se denomina así por ter bochas ou bóchegas.

A *travesía* na Mariña é un “vento moi forte do norte”, mentres que na ría da Arousa ese termo designa no Grove un vento que vén do oeste e en Cambados é un vento forte do noroeste, propio do tempo invernal, como o que fixo naufragar o *Prestige* e que provocou que os mares galegos chorasen bágoas negras por mor da carga de piche ou galipote dese petroleiro. Na Mariña o *vento mareiro* é “vento frouxo que vén do mar”, mentres que na ría da Arousa para os de Rianxo é un vento suave que pode soprar de calquera dirección, permitindo unha boa navegación, mentres que en Cambados o *vento mareiro* (ou *mareiro*) é un ventíño maino e leve do noroeste, da zona do Barbanza (ás veces do suroeste, de Sálvora, na boca da ría), que na primavera e no verán sopra desde a mediodía á tardiña baixa e que no solpor é substituído polo nordés.

2. Léxico propio dos mariñaos

Recóllese moito léxico propio da Mariña, aínda que non pode asegurarse que sexa exclusivo por carecer de información suficiente, agás no caso da nomenclatura da flora e fauna marítimas de Galicia, da que dispoñemos de excelente material editado por M.^a do Carme Ríos Panisse (*Invertebrados y peces*, 1977; *II. Mamíferos, aves y algas*, 1983) de todos os portos do litoral que vai das Figueiras de Castropol á Guarda e Caminha. No resto do vocabulario marítimo só dispoñemos da rede de 15 portos galegos (de Foz á Guarda) do *Léxico de los marineros peninsulares* (1985-89), de Manuel Alvar, e de catro portos eonaviegos do *Atlas léxico marinerio de Asturias* (2002), de Emilio Barriuso, ademais de varias memorias de licenciatura e outras investigacións dalgúns portos.

O que nas Rías Baixas se denomina *mallante* (ou *mallente*) para os mariñaos é *escabezada*, que designa o “Punto máis alto a onde chega a marea, sendo alí onde fican os elementos arrastrados (botellas de plástico, carabullos...)”, e que ten unha acepción figurada “para indicar que todo aquilo que se perde ten un lugar onde se pode atopar”.

As *crebas*, termo da Costa da Morte para se referir a restos de naufraxios ou cargas dos barcos que o mal tempo guinda ó mar, especialmente cousas que flotan, como madeiras que se ían buscar para queimar ou facer bordas das chalanas, chalecos salvavidas, botes de pintura ou bolas de piche que servían para carenar os barcos, ten como equivalente mariñao *mostren-go* (“Calquera obxecto utilizable —xeralmente madeira— que chega ás praias arrastrada polo mar”).

Propio da Mariña é *folá* (“Onda pequena. Movemento suave do mar con ondas pequenas”), con gradacións no seu uso (*foliña, foliño, folguecho, folgo*), o mesmo que *vagallón* (derivado de *vaga* ‘onda’), que indica “moito mar; mar con moita forza, en moi mal estado. Ondas moi grandes e seguidas”. *Galerna* é termo moi do Cantábrico para “temporal no mar e na costa producido por ventos do noroeste, acompañado de borrasca e

forte baixada de presión”, coa acepción figurada dos mariñaos de “correr moito; ser moi veloz. *Corre que parece unha galerna*”. Hai quen di que, ás veces, a galerna a premonza a *auxía*, voz de uso máis frecuente en plural; as auxías son “unha especie de carreiros que se forman polo fondo das augas e que se marcan na tona aclareándoas, sendo visibles por unhas zonas e por outras non”.

Mariñao é *ló* (“Lugar no mar onde se larga unha arte para despois deixarse ir cara a outro lugar co aparello largado”), que é diferente de *posta*, común no litoral, para designar “un lugar coñecido de sempre, de vello, e o ló é un lugar calquera onde se empeza a largar; de darse ben a pesca ou non, voltarase ou non ó ló”. Na Mariña úsase o posible castelanismo *estela*, pero tamén *rasel* e *recío* para a “marca que deixa nas augas unha embarcación pola popa ó navegar”. Este fío de auga é o arousán e manelatononiano *ronsel*, forma do galego común, no sentido recto e figurado.

No litoral entre o Ortegal e Aveiro, en Portugal, dise *atar* para reparar un aparello, mentres no galego do Cantábrico é *afeitar*, mesmo na costa eonaviega, fronte a *adobar*, xeral no litoral asturiano entre o Navia e o Sella, xunto con *coser*, especialmente no asturiano occidental. Paco Rivas define *afeitar* como “coser un roto grande nunha rede; facer unha malla onde está roto o aparello” e recolle como entradas *redeiro* e o castelanismo *redero* para o “home que se ocupa de armar as redes en terra” e *redeira* para a “muller que cose, que amaña, as redes”.

Na ría da Arousa, tanto en Cambados como en Ribeira, a muller que ten como oficio reparar redes denomínase *atadora*, e *atar* é verbo normal para coser un aparello. A problemática das atadoras (ou redeiras) —oficio duro no que as mulleres poden pasar moitas horas no peirao á intemperie atando, e oficio mal pagado tradicionalmente, que agora ten a competencia de mariñeiros xubilados que tamén atan— nos últimos anos estivo presente nos medios de comunicación, mesmo o tema o levou o BNG ó Congreso dos Deputados en Madrid, o que popularizou o termo *redeira*.

En Cambados, onde o oficio de atadora conta con moita tradición por posuír unha das maiores flotas de cerco de xareta do litoral galego que esixe reparar axiña as redes cando rompen nas pedras, hoxe xa hai atadoras que empezan a chamarse redeiras, cando nese porto tradicionalmente *redeira* designaba algunha atadora moi cualificada que sabía armar redes, que era o que facía o *redeiro*, home que non era mariñeiro pero vivía de armar redes. En Cambados tamén contribuíu a introducir ese termo cando o Pósito de Mariñeiros e Mariscadoras (oficialmente “Confraría de Pescadores”, cando nese porto nunca houbo pescadores —mariñeiro que pesca con liña— como os hai no Grove ou en Aguiño, e as mariscadoras teñen un importante papel no Pósito ata o punto de que a actual Vicepatroa é unha mariscadora) ergueu hai uns anos na entrada do porto de Tragove unha nave co nome de “redeiras” para nela traballaren as atadoras das dúas asociacións existentes que actualmente; á parte de ataren, moitas tamén arman aparellos para os barcos do cerco de xareta.

Moito outro léxico que presenta Paco Rivas posiblemente sexa da Mariña, pois descoñezo que se diga noutras partes da costa galega; é o caso de *trío* para a pesca que realizan “tres embarcacións coordinadas entre si. Dúas pescan á parexa e, cando teñen pescado suficiente, unha marcha vender e a terceira vén releva”.

3. A fauna do mar da Mariña

Na nomenclatura da fauna marítima recolle Paco Rivas termos característicos (ás veces exclusivos) da Mariña. Así, a ave mariña *Phalacrocorax aristotelis* denomínase *pata* nos portos de Foz, Burela e Viveiro, que pode especificarse co adxectivo *mariña* en San Cibrao e *maría* en Ribadeo (e nas Figueiras-Castropol, na banda eonaviega da ría de Ribadeo). Non se rexistra ese termo na costa asturiana entre o Navia e o Sella, pero si en portos eonaviegos e nalgún do galego atlántico, onde a forma xeral é *corvo*, que en moitos portos é *corvo mariño*, *corvo marino*

ou *corvo do mar*. O termo *cormorán* usado no galego literario é un galicismo co castelán como intermediario.

Exclusiva do Cantábrico é a voz *andarica* coa que se nomea o crustáceo decápodo *Portunus puber* na Mariña lucense, que concorre con *nécora*, forma das Rías Baixas, da Costa da Morte, do Golfo Ártabro e do Ortegal. *Andarica* tamén é termo do galego da Mariña eonaviega e da costa asturiana entre o Navia e o Sella.

O molusco lamelibranquio *Cerastoderma edule* denomina *chícaro* en Foz (en todo o litoral galego unicamente se oe neste porto) e *carneirolo* noutros portos da Mariña, aínda que tamén se rexistra a forma común *berberecho*. O molusco gasterópodo *Littorina littoralis*, que no litoral atlántico ten como forma común *caramuxo*, denomínase *mincha* (tamén no Golfo Ártabro e no Ortegal) ou *minchiña* por toda a Mariña, aínda que máis usado é *menta* ou *bígara*; e en Nois tamén se rexistra *méntara*. Cando é de maior tamaño chámase *bígaro* ou *bígara da xebra*. O feito que agora se depure e comercialice este modestísimo molusco, como nas etiquetas das depuradoras aparece co nome mariñado de *bígaro*, isto fai que, por ex., no Grove haxa quen use este termo para o tan popular *caramuxo*. As peixarías dos centros comerciais e os restaurantes levan anos facendo que castelanismos *lubina* e *rape* vaian sendo formas comúns no canto de *robaliza* e *rabada* ou (*peixe*) *sapo* de uso xeral na beiramar.

O equinodermo *Asterias rubens* (a *estrelamar* do galego estándar) denomínase *grade* en portos da Mariña (Burela, Cangas de Foz e Foz), *ggrade* na ría de Vigo (Panxón, Coruxo) e co diminutivo *ggradisela* na ría de Pontevedra (Portonovo, Mogor-Marín) e no Salnés arousán (O Grove, Cambados). Entre Ribeira e Malpica denomínase *tallanta* (Ribeira, Lira), *tixeira* (Malpica, O Sardiñeiro, Ézaro, Muxía, Camariñas e Corme, e tamén en Espasante-Ortigueira, xa no Cantábrico) e *tixeira do mar* en Portosín. Segundo Paco Rivas, “hai anos collíanse moitas grades nos trasmallos e nos rascos e ó desmallalas estragaban as redes, rompíanas, *gradábanas*, de aí o seu nome coa súa connotación negativa. (...) Hoxe as grades non aparecen nos aparellos, só se ven

por terra nas pozas, nas regañas das penas, cando baixa a marea”. A *Asterias rubens* é un excelente fertilizante natural, como tamén o son o crustáceo decápodo *Polybius henslowii* (*patelo* e *patexo* na Mariña) e os *argazos*, estes últimos coa vantaxe de podreteren moito antes. A *gradicela* era moi apreciada como fertilizante polos labregos do Salnés, o que explica que mariñeiros de Cambados andasen a elas, unha vez rematada a ceifa da ameixa e da ostra e que as *gradicelas* viñan comer nos restos das cunchas das ameixas que rastros e raños escachaban.

O nome de *gradicela* con que os mariñeiros do Salnés coñecen a *Asterias rubens* moi posiblemente non llo deron eles senón os labregos de Vilariño, de Castrelo e de Corvillón no caso de Cambados ou de San Vicente do Mar, no caso do Grove, que baixaban ás praias cando debalaba a marea para colleren bochos, gholfos, correas e outros esterco mariños, e entre eles estarían esas “grades pequenas”, e tamén os labregos as acharían cando baixaban á ribeira a mariscar; e o mesmo lles pasaría ós labregos da parroquia de Santa María de Adina ó iren apañar argazo á praia do actual Portonovo, lugar desa parroquia de Sanxenxo. Cómpre ter en conta, como salientou Francisco Calo, que “labregos con fame baixaban ás praias e esporadicamente coincidían con mariñeiros á hora de mariscar”; e que os diversos rastros para andar ó marisco teñen a súa orixe no angazo ou enciño dos labregos, usado para coller argazo nas praias.

Na rica nomenclatura dos peixes que recolle Paco Rivas hai termos da Mariña para designar diferente tamaño que son formas do galego común que se rexistran en moitos portos galegos, como ocorre con *carioca* para a pescada pequena, *rincha* para a cabala ou xarda de pouco tamaño e *robalo* para a robaliza grande.

Outros termos son practicamente exclusivos da Mariña, como *buguizo* para a boga pequena; *cagarrelo* para o curriolo pequeno, peixe que se confunde coa xarda; *cigallote* e *correa* para o congro pequeno (no Ézaro-Dumbría tamén se di *correa*); *chicharrón* e *abisinio* para o xurelo grande (tamén se din no Ortegal); *queimada* (só se rexistra na Mariña) para o badexo pequeno, o mesmo que *farreta*, que en Bares designa o de tamaño mediano

grande; *sargueto* para sargo pequeno e *vaqueiro* (tamén en Bares) para o muxe grande. No que respecta ó bonito, denomínase *matrero* o de maior tamaño (entre 10 e 15 kg) e *recortado* o mediano (entre 5 e 10 kg), termos exclusivos de Foz en todo o litoral galego segundo Ríos Panisse, mentres que o de tamaño pequeno (menos de 5 kg) se chama *mono* na Mariña, pero tamén no Ortegal, no Golfo Ártabro e na ría da Arousa. Nos cefalópodos emprégase o termo *sapo* para o polbo pequeno, acepción exclusiva da Mariña.

4. Creación de termos mariñeiros

Bastantes entradas deste *Léxico do mar* son creacións por derivación. Sobre nomes de peixes formáronse nomes de embarcacións, como *boniteiro* para a pesca do bonito ou *espadeiro* para a pesca do peixe espada; e sobre outros nomes creáronse voces de profesións, caso de *neverista* (“Mariñeiro responsable, na pesca do bonito, de salgar, que neste caso significa botar xeo por riba do peixe”), sobre o castelanismo *nevera*, e *ruleiro* (“Persoa encargada de poxar o peixe na rula ou lonxa”), sobre *rula*, propia da Mariña e de falas do Cantábrico. Que o gran edificio da rula de Burela teña ben grande o nome de *lonxa* seguramente vai contribuír a que esta forma do galego común concorra coa tradicional e a vaia desprazando.

Hai bastantes verbos a partir de substantivos como *bonitear* (“Dedicarse á actividade da pesca do bonito”), *escandallar* (“Sondar o mar cun escandallo”), *rapetar* (“Acción de pescar certo tipo de peixe coa arte da rapeta”), *redar* (“Largar a rede. Apañar coa rede. Cercar o peixe na praia en pouca auga para despois tirar polo copo ou copada cara a terra e collelo”), *relingar* (“1. Poñer cabos de reforzo —relingas— ás velas; reforzar as velas dunha embarcación con relingas ou cabos cosidos pola beira das mesmas. Fruncir con cotes unha corda a unha vela. | 2. Entrallar un cabo a unha rede”) ou *sisgar* (“1. Lanzar unha sisga, chicote delgado que fai de guía para lanzar un cabo máis

groso a outra embarcación. | 2. Facer avanzar unha embarcación desde terra halando dun cabo fixo”).

No caso dalgúns ventos, sobre a forma base creáronse nomes para indicar a intensidade, como se pode ver cos termos *frescachón*, *frescote* e *fresquiño* na entrada *fresco* “Vento forte, pero menos ca o frescachón, que fai que se formen grandes ondas e as cristas esténdense por todas partes”, e o mesmo cos termos *lestazo*, *lestón* e *lestorro* no verbete *leste* da Mariña. Máis arriba xa se indicou que *folá*, onda pequena, admite as gradacións *foliña*, *foliño*, *folguecho* e *folgo*.

De uso recente é o termo *avión* que se emprega con frecuencia nas operacións de compravenda de peixe, para indicar que unha parte ou toda a mercancía se paga sen IVA, como se di na Mariña, e popularmente en galego, no canto de IVE. Paco Rivas salienta que a palabra *avión* é “no iva”, pero dándolle a volta, e que “o comprador diralle ó vendedor: *métocha toda por avión?* Ou o vendedor ó comprador: *Méteme parte por avión.*”

5. Xarias e trolleiras

Na Mariña emprégase unha rica nomenclatura para designar un banco ou grupo de peixe, tendo en conta o tamaño, o feito de marear de día ou de noite e o ir saltando ou non o peixe na tona da auga. O termo xenérico para ese grupo é *xaria* ou ben *mada*, que poden ser sinónimos.

De día, a xaria grande denomínase *cardume* que, segundo o tipo de peixe, pode saltar, como ocorre coa paparda, ou só salta ás veces, caso do bocarte, mentres a xaria pequena se coñece como *xarapelo* e como *cesto*, de ser moi pequena. De noite, a xaria denomínase *pombada*, que marea en fogueira e arden moito as augas, como tamén marea en ardor o *puchín*, que é xaria pequena. O *bolo* é un grupo mesto de peixe que marea de noite na flor da auga.

O termo *saltido* designa un “grupo de peixe que se despraza á vista, de día, saltando na tona da auga”, mentres que *tinta* é

unha xaria que forma unha mancha na tona da auga que de día se observa a simple vista. O *tolíñal* é xaria de peixe pequeno coma o chicharro ou a paparda, que marea máis ben de día que de noite, peixe que as toliñas xuntan, levantan...

A xaria do bonito ten diversas denominacións. Cando marea de día, a flote, fálase de *xabrón*, que pode ser un grupo grande ou pequeno, e de *váramo* (ou *válamo*), que é coma o xabrón, pero vai máis amodo, navega máis “suave”, como din os mariñeiros; a *trolleira* é xaria que vai saltando para comer, de día, pero tamén se pode ver de axexo, precisamente por ir saltando; e o *augueiro* é un grupo que marea máis calado có xabrón, polo que se ve menos. A voz *estable* designa unha xaria pequena, xeralmente de bonito, que vai rareada, ocupando moito mar, e que marea de noite, á vista, na tona da auga.

Outra xaria é o *cacho* (ou *cacho de peixe*), que se percibe pola cor branca que deixan os peixes do grupo ó movérense nunha noite escura na flor da auga e que, en noites escuras, provoca unha especie de brasa ou ardor. Cando non había sonar o peixe detectábase polo ardor, pero agora vese nese aparello, polo que antes se falaba dunha fogueira e agora dun cacho de peixe. Os mariñeiros xa non miran para o mar, xa non ven o peixe á vista, porque o ven no sonar.

Entre o abalo e a zaranda é unha boa mostra do inmenso patrimonio inmaterial do léxico do mar creado por xeracións de galegos e galegas da Mariña, que durante tantos anos recolleu e estudou Paco Rivas. Trátase de léxico vivo que, xunto coa fraseoloxía con sabor a salitre, cómpre seguir recollendo e peneirando para que forme parte da Patria da Lingua Galega. Traballos como este contribúen a que haxa máis mar na cultura galega, á vez que permiten que nos dicionarios de galego non só se poida aumentar o número de entradas con mar, senón que algunhas das existentes reflectan un patrimonio marítimo vivo e non museístico.

Francisco Fernández Rei

...E FALAMOS, E PAROLAMOS

Si, si, e falamos, e parolamos dende aquel día calquera, dende Nois, dende a ventá do último soño que ata min trouxera a brisa do meu mar, lembrades...? E comezamos a soñar outra vez...

Si, si, e falamos, e parolamos de todo un pouco... O mar e máis eu gustamos de parolar, sempre amodiño, sen présas. Falamos da alba e do solpor, das mareas, das ondas que van e vén, das raiolas que pintan a brisa de cores...; e das auxías, dos muxes e mesmo das xógaras...

Lembrede que o mar foi quen me ensinou a soñar... *«Hai anos —non sabería dicir cantos—, mentres a brisa estaba a acarriñar a lúa que se arrandeaba nos cristais da ventá do meu cuarto, o mar estaba a cantar unha cantiga que musicaba o xogaral da Raxoa (a poucos metros en liña recta dos beizos da ventá do meu cuarto) sobor de todo naquelas noites de inverniá, de ventos fortes, dun nordés que fendía mesmo os cristais da ventá e chegaba ó mesmo berce onde a min me deitaba miña nai... E veña, arrolo vai, arrolo vén... Logo, ese mesmo mar asubiaba no areal, no areal das Polas...; e así eu adormecía, e soñaba, soñaba..., soñaba co mar, coas Polas, coa Raxoa, coas nubes de algodón que pola tarde debuxaban años polo ceo adiante...».*

Foi así como espertou a miña alma de poeta..., si, si, foi alí, foi así, xa volo teño dito, como aprendín a soñar, ó son

daquelas nanas, daqueles arrollos que miña nai acompañaba cun carabelo de beixos... Si, si, cun aquel de melancolía, é verdade...

E aínda estamos a parolar, o mar e máis eu gustamos de parolar amodiño, sen présas, agás que unha onda errada se incomode por mor dun aruxo de vento que se lle meta na ollada... Si, sen présas, e xeralmente toma ben as cousas que lle digo pero se se anoxa, aproveita unha brisa zorra e debuxa unha morea de ondas, unha tras outra, seguidiñas, formando unha andana que van rompendo no xogal da Raxoa que brúa que mete medo, coma un demo do inferno... Despois, xa calmado debuxa na tona da auga unha xacente e voltamos a entendernos, a falar coma a xente —dígolle sempre eu—, agarrados ós remos dunha calma chicha...

E volta a comezar, porque o mar vai e vén cabalgando nas súas ondas, pero non deixa de ser, nin de estar, nin tan sequera as ondas van na procura doutro mar... E eu ledo, por estar con el nesa conversa que quedara quebrada cando marchei da casa... Aínda hoxe me choran as bágoas de telo feito, aínda hoxe me pregunto por qué o fixen...

Por qué me marchei do mar?
Cando era neno na aldea
o mar cantábame nanas
nun berce feito de area.
Cando por fin me durmía
un soño me navegaba
que o mar ata min traguía
nun canto de marexada...
Mar, Mar, Mar...
por qué me marchei da casa?

...Outras veces íspome diante del nesas longas conversas ó son dun balbordo no xogal da Raxoa e, nos beizos dunha resaca, debúxolle parvadas coma esta ó ouvido...

Anque son fillo teu mar,
anque nacín dunha onda,
quero contigo casar
e dicirche: Miña noiva!
Facerche o amor sen parar
e se é pecado, xaora,
pecar, pecar e pecar...

A brisa, o altofalante do vento, pousa estes versos no corazón da marea..., e ecoan mil silencios...

E non sei se, ó escoitar, lle dá a risa ou se anoxa, porque no xogal unha onda rota carrega un carabelo de xógaras dende a flor da marea ata o mesmo cómaro dun prado de olgas; pero agora si que hai balbordo, parecen estalos que ecoan no peito da mesma brisa..., ben é certo que cada vez hai menos balbordo no xogal, cada vez esa onda rota queda sobor das penas, sobor das xógaras coma se dunha orla de estrelas se tratase...; por iso coido que xa está a pensar doutra maneira, que xa está a lembrar todo aquilo que dende picaro vivimos xuntos...

«Cando me metín nel por primeira vez e me mergullei no seu abrazo..., foi no areal das Polas... E aprendín a navegalo, a cabalgalo, cando con Senén, no bote de Xulio de Hermida —o coxo—, **andabamos ás corridas** a cabalo de ondas que cabalgabamos coma boxe fan os surfistas...» E cando, dende o porto de Nois, embarquei en grandes naos para cabalgalo... co Merexo, con Ignacio de Tadeo, con Toño de Aurora, con Vicente e Berto, cos Chabeas, con Horencio... Porque, sabedes, eu, dende picariño...

Teño un traxe mariñeiro
no meu armario colgado,
teño un traxe mariñeiro
pero non quero probalo;
eu o mar dende pequeno,
aprendín a cabalgalo.

Si, si..., e cabalqueino, si, moitas veces, mentres parolaba con el, e fun gardando todo no faio do trasacordo... E así sigo, cabalgando e **vogando**, coas orellas ben espertas cada día.

«*Aprendín o verbo do mar e dos mariñeiros...; aprendín que, tamén cando estamos en terra, dalgún xeito, estamos no mar, estamos co mar...*»

E así, aprendín a **facer a conta na uña**, aprendín a non fiarme do **percebe da sombra**; aprendín a **ir ós pulpos** nas **mareas vivas** ou, ás veces, nas **mortas**; a entrar no porto sempre na xacente, a buscar os carreiros que levan ó ceo da amencida, nas auxías; a escoitar o arrandeo das ondas no xogal, a vogar contra os toletes, a cinglar contra as carenas, e a perseguir unha xaria ou mesmo largar a ollada dos meus sonhos na espuma verde dun toliñal...

Todo isto, todo o que aparece neste dicionario é un complemento dos outros, algo máis, ou moito máis, do que xa vos teño contado... En realidade este, *Entre o abalo e a zaranda. Dicionario léxico do mar*, non está completo sen *De punta a chicote. Así falan os mariñaos*. O léxico que aquí aparece, léxico da Mariña, ou máis concretamente, léxico dos mariñaos, sobre todo focegos, nun primeiro momento penseino para aclarar e complementar *De punta a chicote. Así falan os mariñaos*; tamén do mar mariñado, tamén do mar focego, como un apéndice del, para atopar nese léxico aclaracións necesarias para completar toda a fraseoloxía que en *De punta a chicote* aparece; logo fun aumentando ese léxico, fun enchendo o trasacordo de verbas, de auxías, de chúcaros e de vellas zarandas cheas de sonhos, case sempre compartidos con Ton e con Ricardo, con Ignacio de Tadeo e con Vicente..., que máis ca lobos de mar coído que son «golpes de mar», tomando golpe na súa acepción raposeira.

Por todo isto, por ser un o complemento do outro, coído que debedes ter os dous..., se queredes decatarvos ben de todas as paroladas que o mar e máis eu temos compartido e aínda compartimos, ou mesmo as que compartiu e aínda comparte con vellos «golpes de mar», eses homes de ferro con almas de poeta... Eu tan só vos podó dicir que todo o que escribo,

escriboo tal como mo conta o mar, tal como o mar llo conta a Ricardo e a Ton... Tal como é, sen máis.

Tamén vos escribo para que saibades de min, para que saibades dos meus sonhos, para que compartades comigo todo o que levo parolado, soñado, por culpa do mar, si, por culpa del..., porque toda a culpa a ten o mar..., xa volo teño dito moitas veces, toda a culpa é do mar..., por iso..., e aínda máis, sempre digo...

Porque eu son fillo do mar,
porque nacín dunha onda,
ó mar debo regresar
cando chegue a miña hora...

Pero non vos preocupedes, aínda nos quedan lúas e lúas, mareas e mareas, campañas e campañas por compartir..., para seguir contándovos de min, das paroladas co mar, dos meus sonhos, ou mesmo daquela carreira de nubes que ten a meta nun raiolo que se peitea na mesma **flor da marea**...

Xa vedes, parvadas... Só parvadas...

Graciñas, amigos e amigas, graciñas e que o mar nos siga facendo bos e xenerosos... e aínda máis.

En Nois a carón mesmo dunha **raiola** que peitea o corazón dunha **auxía** amiga..., un día calquera dun outono que non lembro.

...E xa sabedes que, entre andana e andana..., seguirei a contarvos...

Apertas

Paco Rivas

NOTAS PARA O USO DESTE DICCIONARIO

Todas as entradas deste dicionario comprenden a indicación da categoría morfolóxica e gramatical, a súa definición e as variantes formais e/ou sinónimos dun mesmo vocábulo na primeira entrada alfabética.

Téñanse en conta as marcacións tipográficas nos lemas da seguinte maneira:

1. Todos os lemas aparecen representados en letra negra.
2. As palabras non galegas, especialmente castelanismos e diferencialismos, preséntanse precedidas dun asterisco (*).
3. No remate das definicións, as palabras que aparecen remarcadas en letra grosa minúscula remiten a sinónimos que ao mesmo tempo constitúen lemas con entrada propia dentro do dicionario.
4. No remate ou mesmo dentro da definición de moitos lemas, preséntanse en *letra cursiva* os usos fraseolóxicos reais do vocábulo definido, así como os exemplos.
5. Tamén se presentan en letra cursiva as subentradas dentro dun lema naqueles casos que as teñan.

ABREVIATURAS DESTE DICCIONARIO

adv.: adverbio
adx.: adxectivo
f.: feminino
fig.: uso figurado
m.: masculino
s.: substantivo
v.: verbo
var.: variante

A

Abadexo *s. m.* Peixe da familia dos gádidos (*Pollachius pollachius*), de corpo esvelto e cor parda verdosa prateada nas costas. O seu hábitat circunscríbese a fondos rochosos de ata 200 metros de profundidade, e a súa captura realízase coas artes da volanta e do trasmallo. *var. Badeixa.*

Abalar *v.* Moverse as augas do mar subindo de nivel. Subir a marea. *Abalar o mar.*

Abalo *s. m.* 1. Acción ou efecto de abalar. Subida da marea. | 2. Cuarto crecente da lúa. *Vir o abalo.*

Abarloar *v.* Achegar unha embarcación a outra, quedando as dúas xuntas en paralelo, en contacto ou non polo costado. *var. Barloar.*

Abatemento *s. m.* Desprazamento a sotavento que pode ter unha embarcación por mor das correntes ou dos ventos.

Abater *v.* Desviarse do rumbo unha embarcación, a sotavento, por efecto do vento.

Aberto 1. *adx.* Dise dun bote ou calquera embarcación sen cuberta. | 2. *s. m.* Praia, baía, lugar desabrigado no mar. *Pescar en aberto.*

Abicar *v.* Enfilar, poñer proa a algo a onde se está chegando; entrar no porto. Ex. *Telmo, amodera, que abicamos o porto.*

Abiñoar *v.* Unir dúas redes cunha costura e pasar todas as mallas dando un nó cada pouco. *Facer un biñón.* Véxase **Biñón.**

Abisinio *s. m.* Xurelo ou chicharro grande. **Chicharrón.**